

Concello de Covelo

Expte. n.º: 1/2026

JACOBO MANUEL RAYÓN CEDEIRA, Secretario-Interventor no Concello de Covelo, provincia de Pontevedra,

CERTIFICO:

Que o Sr. Alcalde do Concello de Covelo, mediante acordo de data seis de abril de dous mil vinte e seis, adoptou o acordo que deseguido se transcribe na súa literalidade:

“.....

D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, Alcalde-Presidente do Concello de Covelo (provincia de Pontevedra), en virtude das facultades que me confiren os artigos 21.1.s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 61.1.s) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Vistas as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027) (BOPPO n.º 1 de 2 de xaneiro de 2026).

Visto o proxecto técnico de “ampliación da rede da traída municipal de Barciademera – (Carballeira Ucedo)” redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Espiñeira, cun orzamento total, de vinte e catro mil novecentos noventa e oito euros con trinta e nove céntimos (24.998,39 €) IVE incluído, así como o resto da documentación que obra no expediente.

Visto o informe técnico de 6 de abril de 2026 do enxeñeiro técnico agrícola D. José Rodríguez Espiñeira.

Vista a presentación de solicitude de autorización para obras ou instalacións en zona de policía ante a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. (Rexistro de saída n.º 2026-S-RC-285 de 6 de abril de 2026).

Vista a presentación de solicitude de autorización para actuacións nas zonas de influencia no Servizo de Mobilidade da Deputación Provincial de Pontevedra (Rexistro de saída n.º WEB2026028929 de 6 de abril de 2026).

RESOLVO:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha subvención por importe de catro mil douscentos catro euros con setenta e sete céntimos (4.204,77 €) ao abeiro do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027), Liña 1 – investimentos, con destino á realización e financiamento das obras de “ampliación da rede da traída municipal de Barciademera – (Carballeira Ucedo)”.

Segundo.- Declarar que se coñecen e se aceptan na súa totalidade as bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal 2026-2027 (Plan + Provincia 2026-2027).

Terceiro.- Declarar que non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para a mesma actuación para a que se solicita a subvención.



Concello de Covelo

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre..... .
.....”.

E para que así conste e produza os oportunos efectos, expido a presente certificación, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, D. Juan Pablo Castillo Amigo, en Covelo, na data da sinatura electrónica.

O secretario-interventor

Vº e praxe
O alcalde

